

NOTA DE PRENSA 058/23
29 DE XULLO DE 2023

VIEITEZ E ÁLVAREZ FINALIZAN TERCEIROS UN RALLYE PAZO TIZÓN NO QUE MACEIRAS E IGLESIAS ABANDONARON POR SAÍDA DE ESTRADA

Alexis Vieitez e Cristian Álvarez foron a cara positiva da participación dos becados da Federación Galega de Automobilismo logo de obter o terceiro posto da xeral absoluta no Rallye Pazo Tizón, sexta proba puntuable para o Campionato Galego de Rallyes.

Vieitez e Álvarez estiveron na loita polo podio durante boa parte da proba, e aínda que uns pequenos problemas mecánicos e atoparse co público que estaba tentando axudar a Jorge Coca a volver os atrasaron, acadarpm finalmente o podio e o triunfo na Gara N5 e a Top Ten Pirelli Driver Autia B.

Con esta victoria, a segunda consecutiva para Vieitez e Álvarez, o equipo do Nissan Micra N5 apreta a clasificación da Gara N5 e da Top Ten Pirelli Driver Autia B a tan só 14 puntos de desventaxa fronte a José Lamela.

Ademáis, os puntos logrados na cita ourensá permiten a parella pontevedresa situarse na sexta plaza da clasificación xeral do Campionato Galego de Rallyes despois de seis datas puntuables.

Menos sorte tiveron Marcos Maceiras e Sergio Iglesias, que comezaron nos primeiros treitos cunha actuación sólida e sempre nos cinco primeiros postos da carreira, pero que remataron fora da proba tras sufrir unha saída de estrada na primeira pasada de Amoeiro – Maside.

Os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo retornarán á competición no Rallye Ribeira Sacra no mes de setembro.

Clasificación final do Rallye Pazo Tizón

1. Alberto Meira / Avelino Martínez
2. Javier Ramos / Alex Moure
3. **Alexis Vieitez / Cristian Álvarez**
4. Jorge Pérez Oliveira / Miriam Vera
5. José Lamela / Néstor Casal

Clasificación do Campionato Galego de Rallyes

1. Alberto Meira // 216
2. Víctor Senra // 205
3. José Lamela // 128
4. Javier Ramos // 120
5. **Alexis Vieitez // 105**

Declaracións dos principais protagonistas na ligazón de wetransfer: